

**Narrativa** Amparado pola escaseza de datos históricos sobre os séculos escuros, o vigués Francisco Castro inventa pasado onde só había sombra coa novela gañadora do premio Manuel García Barros

# O pasado posmoderno

As palabras da néboa ·  
Francisco Castro ·  
Galaxia, 2008 ·  
308 páx · 18 euros



Coordenador de Novos Proxectos da Editorial Galaxia. Director do Taller Literario e do Taller de Poesía Caixanova. Coordinador de actos da Casa do Libro en Vigo. Coordinador dos Diálogos Literarios de Mariñán. Columnista. A Francisco Castro (Vigo, 1966) asóciánselle nos medios etiquetas laborais tales como cronista, asesor ou xestor cultural. Nos dous últimos anos levou dous dos premios de maior contía do país: o Blanco Amor e o Manuel García Barros. É, amais, un best-seller da literatura galega, como xa algunha vez el mesmo ten confesado.

O certo é que vén publicando de media un traballo por ano dende o cambio de milenio, e pescudou dende entón multitude de xéneros, dende a narrativa erótica de *Xeografías* (finalista do Narrativas Quentes de Positivas en 2001) ata a novela histórica con *Memorial do infortunio*. Este libro, *As palabras da néboa*, sitúase tamén no ronsel de pezas de re-construción nacional como *O triángulo inscrito na circunferencia* de Víctor Freixanes, coa que comparte unha certa homenaxe ás xestas mariñeiras galegas. E aí remata todo elo co relato, e co metarrelato, do pasado, porque máis ca da súa recreación temos que empezar a falar máis ben da súa creación.

De todo o dito despréndese facilmente que o autor ocupa hoxe unha posición central no campo literario galego; e xestiona tamén unha posición de poder, que lle outorga esa centralidade, clara. Nos sistemas literarios normais, ou normalizados, o prestixio aparelado que iso comporta vese, debería de se ver, constantemente ameazado, porque pode. No caso galego, sabemos que isto non sempre é así. Velai o encadramento desta crítica.

O xurado do Manuel García Barros considerou esta novela “unha proposta nova de novela histórica, alén das fronteiras xenéricas”. Pero esta, digámolo xa, non é unha novela histórica. Se non fose polo precedente de *Memorial do infortunio*, poderíamos maliciar unha artimaña para escribir sobre o pasado sen ataduras documentais. O cronotopo fica, coma as palabras, na néboa: non sabemos onde queda a Bouza, señorío feudal incógnito; a acción desenvólvese nalgún momento indeterminado dacabalo dos séculos XV e XVI; ningún dos personaxes está documentado historicamente; os Irmandiños, aínda vivos, adícanse á maxia e ao ocultismo. É un relato, pois, que máis ca recrear, crea un acontecer ao abeiro



Francisco Castro. // Arquivo

da brétema dos séculos escuros, amparado pola escaseza de datos históricos e por unha ollada narradora deliberadamente distanciada. Un relato relativizador de metarrelatos tan fortes na conciencia colectiva como as navegacións ou as revolucións irmandiñas.

O escritor aplica aquí recursos que xa veñen sendo marca de fábrica nos seus traballos máis recentes: a corrente de consciencia, a ironía, o distanciamento, a xustaposición, a digresión acrónica... A aparencia externa do texto é a dunha aposta radical polo fragmentario e polo deslocamento, pola ruptura co mecanismo convencional de identificación cos personaxes e coas tramas. Isto haino, pero só é verdade no que lle fai á *elocutio*, ao ton que emprega o narrador. Porén, a *inventio* e a *dispositio* son escrupulosamente fieis aos esquemas tradicionais. De feito, como lectores aturamos a enxurrada de palabras, anáforas, paralelismos, secuencias repetidas, digresións, chistes e consideracións metatextuais e metaliterarias grazas a que a estrutura oculta

do que hai para contar e da súa dosificación é a mesma de toda a vida: e el que pasará despois? Un esquema nada posmoderno nin, por certo, novo.

O que si é novo e posmoderno é que se apliquen esquemas do presente para entender as cousas do pasado; que se presente ao pobo como unha masa voluble e sen aspiracións revolucionarias; que se relativicen os erigementos irmandiños vinculándoos coa maxia e cunha elite; ou, por exemplo, que cando se fala dun alustro de tormenta ben importante na trama, que mata a un personaxe, o narrador se refira a el como “o raio transparente do plácido luar”.

Así pois, Francisco Castro practica n’*As palabras da néboa* unha dupla estratexia: por unha banda xoga a romper as convencións do xénero histórico, someténdoo a un tratamento retórico posmoderno e, libre de apertos cronolóxicos, inventa pasado alí onde só había sombra; por outra banda, asegura a colaboración do/a lector/a tirando da intriga ben dosificada. // **Leonardo F. Campos**

**A TRAXECTORIA EDITORIAL** do vigués Francisco Castro (1966), como acontece con outros autores e autoras da súa xeración, está salferida de premios. Antes de levar o Manuel García Barros coa súa última novela, *As palabras da néboa* (Galaxia, 2007), e sen deixarmos a narrativa, xa contaba co Blanco Amor de *Spam* (Galaxia, 2006) e co Lueiro Rei de *Play-Back* (1997), fora finalista do Narrativas Quentes que convoca Edicións Positivas cos relatos eróticos de *Xeografías* (Galaxia, 2001), estreara o Cartafol que concedían os críticos de Vieiros con *Xeración perdida* (Galaxia, 2004) e xa merecera anteriormente outros dous máis pequenos, o Modesto R. Figueiredo e o Rosa Reboledo, polos contos “Ningún fascista morreu inxustamente” e “Venres desesperado (look casual friday)” respectivamente. Na ficción para o público máis cativo, outro tanto se pode dicir. *Un bosque cheo de faias* (Everest, 2004), o seu debut na novela para mozos, saudárono os estudantes de toda Galicia concedéndolle o Frei Martín Sarmiento, e hai menos dun ano que o xurado do Caixa Galicia de LIX fixo o propio c’*O ceo dos afogados* (Xerais, 2007), unha ficción de alento ecoloxista para o lectorado xuvenil. A estes habería que sumar o Facho de poesía, que gañou en 2002, e o Manuel Reimón de Portela de xornalismo, que se lle concedeu en 1999.

Con todo, a bibliografía de Francisco Castro non remata aí. Ao longo dos últimos anos publicou tamén as novelas *Amor de cinema* (Edicións do Cumio, 1991) e *Memorial do infortunio* (A Nosa Terra, 2003) –con versión castelá–, as coleccións de relatos *A canción do naufrago* (Ir Indo, 2001) e *A outra banda da fiestra* (Cardeñoso, 1989) e a peza infantil *Río Leteo* (Espiral Maior, 2004). Mais a visibilidade do escritor vigués non vén só marcada polo seu traballo na escrita. O que fora colaborador de Atlántico Diario e hoxe coordinador de Novos Proxectos na Editorial Galaxia e dos Diálogos de Mariñán, leva anos a traballar na xestión cultural e no campo da comunicación comercial, ademais de dirixir os obradoiros literarios de Caixanova. Blogueiro militante, mantén dende maio de 2005 unha xanela na rede, *A canción do naufrago* ([www.blogoteca.com/franciscocastro](http://www.blogoteca.com/franciscocastro)), onde tamén pon ao dispor dos seus lectores os artigos que publica no diario dixital A Nosa Terra. // **PT**